

# TEMA 16: O REXURDIMENTO PLENO (II). EDUARDO PONDAL A ESCOLA PONDALIANA CURROS ENRÍQUEZ E A SÚA ESCOLA POÉTICA A PROSA E O TEATRO DO REXURDIMENTO

## III.A PROSA E O TEATRO DO REXURDIMENTO

O Rexurdimento foi un fenómeno esencialmente poético. Só nas dúas décadas finais da centuria comezou un cultivo destacable da narrativa e do teatro en galego.

### 1.-A prosa

A prosa tivo menos éxito e calidade que a poesía. Isto debeuse a **diversos factores** (inexistencia dun modelo estándar de lingua, minusvaloración do galego ou dificultades económicas para a publicación de obras). A prosa do Rexurdimento presenta os seguintes trazos:

- a) Difusión a través de xornais e revistas.
- b) Predominio da narrativa breve sobre a novela.
- c) Carácter pintoresquista, folclórico e costumista da maioría das producións.
- d) Predominio absoluto do medio rural galego
- e) Convivencia de catro tendencias temáticas básicas: narrativa histórica, sentimental, costumista e de trasfondo político.

#### 1.1.-Narrativa histórica

-Antonio López Ferreiro: *A tecedeira de Bonaval, O castelo de Pambre e O niño de pombas*.

#### 1.2.-Narrativa sentimental

-Marcial Valladares: *Maxina ou a filla espúrea* (1880). Considerada o **texto inaugural da narrativa galega moderna**, é unha **obra bilingüe**: as personaxes de clase baixa usan o galego; as de clase alta, o español.

-Francisco Álvarez de Nóvoa: *Beira o Barbaña. Paisaxes e Pé das Burgas*. Foxe do costumismo e do patriotismo rexionalista.

-Heraclio Pérez Placer: a súa prosa achégase ao Modernismo. Os seus relatos están recollidos en tres libros: *Contos, leendas e tradicións, Contos da Terriña e Veira do Lar*. Publica por entregas a novela curta *Prediución*.

#### 1.3.-Narrativa costumista

-Henrique Labarta Pose

-Valentín Lamas Carvajal

## 1.4.-Narrativa de trasfondo político

-Luís Otero Pimentel: *A Campaña da Caprecórneca*.

-Xan de Masma (Patricio Delgado Luaces): *¡A Besta!*

-**Manuel LUGRÍS FREIRE:** *Contos de Asieumedre*

## 2.-O teatro

Existe con anterioridade ao século XIX un teatro popular en galego formado por farsas e entremeses maiormente cómicos, burlescos e “picantes”, de autor anónimo, que se representaban ao ar libre en vilas e aldeas coincidindo con certas festividades. Tamén hai obras, xa no XIX, que combinan castelán e galego, escritas en clave satírica coa finalidade de ridiculizar diante dun público urbano de clase media ou alta os labregos, a súa cultura, a súa idiosincrasia e a súa fala.

Non existiu ata as dúas décadas finais do século XIX un teatro culto e dignificado na nosa lingua. **O primeiro gran impulso enmárcase entre 1882 (estrea de *A fonte do xuramento*) e 1903, cando nace na Coruña a “Escola Rexional de Demaclaración”.**

**O teatro do século XIX pode dividirse, en función dos seus temas, en tres grandes tendencias:**

### 2.1.-Teatro histórico

Está orientado á **reconstrución e rememoración de determinados persoeiros, instantes e episodios do pasado galego.**

-*A torre de Peito Burdelo*, de Galo Salinas

-*Pedro Madruga*, de Cuveiro Piñol

-*Mari-Castaña. Unha revolta popular*, de Álvarez Giménez

-*Men Rodrigo Tenorio*, de Amor Meilán.

### 2.2.-Teatro costumista e sentimental

Centrado na **descrición de determinados costumes rurais e na recreación de historias amorosas entre mozos labregos.**

-*A fonte do xuramento*, de Francisco M<sup>a</sup> de la Iglesia

-*Recordos dun vello gaitero*, de “Nan de Allariz” (Alfredo Fernández)

-*O zoqueiro de Vilaboa*, de “Nan de Allariz” (Alfredo Fernández)

-*Un vello paroleiro*, de Heliodoro F. Gastañaduy

-*Amor e meiguería*, de Urbano González

-*¡Filla...!*, de Galo Salinas

-*O Chufón*, de Xesús Rodríguez López

### 2.3.-Teatro social e anticaciquil

**Denuncia a situación do campesiñado galego escravo dos foros e dos caciques, a emigración, a perda dos valores da sociedade tradicional ou a crítica aos representantes dos estamentos**

**oficiais.**

- ¡Non máis emigración!*, de Ramón Armada Teixeira
- A Ponte*, de Lúgrís Freire
- Minia*, de Lúgrís Freire
- Mareiras*, de Lúgrís Freire
- A patria do labrego*, de Antón Villar Ponte